

A porta verde do sétimo andar

Colectivo ‘A Porta Verde do Sétimo Andar’

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

COLECTIVO ‘A PORTA VERDE DO SÉTIMO ANDAR’ (2011 [2007]). *A porta verde do sétimo andar*. Vigo: Incomunidade. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1101>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

COLECTIVO ‘A PORTA VERDE DO SÉTIMO ANDAR’ (2007). *A porta verde do sétimo andar*. Vigo: Incomunidade.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de agosto de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

a porta verde do sétimo andar



Abilio Rodríguez, Alberte Momán,
Alfonso Láuzara, Cruz Martínez Vilas,
Elvira Riveiro Tobio, Luís Viñas,
Manolo Pipas, minus-bálido (A.Rodríguez),
rosanegra(Rosa Martínez).

A porta verde do sétimo andar

Portada:
Luís Viñas García

Imprenta:
Gráficas Ezponda, S.L.

Depósito Legal: VG 543 - 2007

A Porta Verde do Sétimo Andar aparece en maio de 2005 en pleno corazón da zona vella de Vigo, onde teñen lugar as primeiras tertulias informais. Axiña o **Café Lenda Moura** convértese no seu *fogar bohemio*, mais o espírito inqueda do grupo implicaba frecuentar tamén outros locais da cidade olívica: *O Lar da Zoe, A Cova dos Ratos, A Galería, Uf...* E así avanza no tempo un colectivo entusiasta con moito para compartir, sen perder o carácter divertido da aventura emprendida. Na pel poética transpiran os clásicos e latexa o anovador futuro inmediato.

A Porta Verde é un novo espazo creativo inter-netamente galego e, ao mesmo tempo, con marcada e decidida vocación cosmopolita, vinculada sempre ao compromiso asumido, e aberto a todo tipo de expresións artísticas (mesmo interactuadas). Tamén interesado acotío na procura de lazos de amizade con outros colectivos e culturas (Incomunidade, Andar21, Portugal, América Latina...). A porta verde sempre fica aberta para se airear ben de cultura fresca. Asemade, a boa sintonía coas novas tecnoloxías vese reflectida na posta en marcha dun blog actualizado cunha intensa actividade, ata superar a barreira cibernética das 10.000 visitas, con procedencias de case todo o mundo e unha destacada presenza do Brasil e máis de Portugal.

Arestora, despois de dous anos de poesía, decidimos sacar á rúa unha síntese escrita en formato impreso do noso espazo creativo. E quizais unha folla en branco ao final marcaría o sentido pretendidamente aberto desta obra imperfecta e compartida que vos convida a tod@s. Poñemos con ilusión nas vosas acolledoras e inapelábeis mans este noso libro colectivo de poemas.

Vigo, abril 2007

[http:// aportaverde.blogspot.com](http://aportaverde.blogspot.com)

e-mail: aportaverde@gmail.com

Índice

Abilio Rodríguez	9
Alberte Momán	27
Alfonso Láuzara	41
Cruz Martínez Vilas	59
Elvira Riveiro Tobío	73
Luís Viñas	87
Manolo Pipas	103
Minus-Bálido(A.Rodríguez)	123
rosanegra(Rosa Martínez)	141

Abilio Rodríguez

Vigo, 1974

"A vergonza é peor que a fame".
A. D. Rodríguez Castelao.

Quérolle dedicar este xuntoiro de poemas de procedencias diversas a ela que sabe que *"a vida sen música non sería máis que un erro"*, por facérnolo entender a traveso de letras, ritmos, melodías.

Virxinia con fame de sol.

Pensa que a agarda unha escolma de luz e centeo, se cadra.

Vai e pousa no fondo do río, na poza, no leito,
arrastra, puxa, couda,
mármure líquido de silencios e seica,
seica dixo o mouro,
seica a ola garda luz e centeo
por quen afogarse queira na auga.

Na busca do leito vai, paseniño,
porque escorre as dores onde a sobreira comba
de graza.

É afogarte na puza escura –dixo o mouro-, é o
que buscas,
afogarte sen pan e sen sol.

Ela le o curso do poema, o canto da ola, e vai,
tornando nos ollos
en espreita de fame aferraxada
para iren un paso tras outro, sendo Virxinia
e os lobos almorzando no seu ventre coma o
río.

E na busca da poza
seica atopa a luz e o centeo,
seica a morte.

E acha a fin da palabra.

Durmo na noite

Durmo na noite
namentres a madrugada
fala polo baixo das estrelas.
Estudo o produto do seu canto
como sentinela o sabor da fame.

E gaña-lo zume
da parte máis feble
de entre as coxas.

Doces despistes

Doces despistes
doces despistes dos que temos feito aquelas
xuntanzas
e como un paxaro inqueda unha espera
nesa póla pronta e feble.

Deste xeito rimos.

E no chan unha serpe de cores vivas
desta sorte se dirixe sendo trenza de soños.
Nin seca, nin pausas,
que non te merezan.

Serpe ceda

serpe ceda canda min escoita
sibila seseia agora
como se tal de cote fixera
neste meu acovillo do medo
oculto siso

fonda na mina da auga

Mol morno

mol morno xofre baixo a peneda

o meu agonizo teu espenica

brúa este corazón sen voltas

fumega sen noite a presa palabra

durmente baixo o ceo da boca

indecisa

O fol do trastorno

Seica o fol que fai no vento trastorno
achega con nós o destino e a eiva

aviados imos se baixando
canda o prádio pandomio
polos seus carreiros de aire
xorde a voz do infausto
e non conservámo-la esperanza

A porta verde do sétimo andar

Ánfora exhausta

facendo noite baixo bastardía algunha
entre madeixas manicha tela
un soño en diálogo outorga antónimo
tempo no que descansamos ata a alborada dos
concordatos /
e promontorios de soberbia pasaxeira
fraterna fosa de ánfora exhausta

Os biosbardos

feita xentio inevitable
eu non cho sinto

pois se presenta cada astucia voando fermosa
e parte unha barca de cores onde o mar
espuma

Canso

Non tódolos días é festa
polo xeito que ten de mirar,
de se ausentar, de estarse quedo.

Para cando a auga corre
o regato torna e canta;
a cor dos estalos limpa os temores.

Das altas fendas

As miñas mentiras parvas,
tra-lo vertixe o nome do engano,
tamén tralo seductor perfume
dunha verba inocente calquera
as altas fendas.

E cando menos o esperas
transitar camiños empedrados
na busca do acougo
dalgunha tristeza.

Chámano miseria.

Pola recia calor, onda o millo novo,

volve a pasear a tristeza
como un cadelo derrotado e rendido
baixo o mosqueiro
que nel se ceba.
Chámano miseria
a esta hora soa e triste.
Nas casas dormen.

Operario.

Os ferrallos e a viruta que se incrustan,
as demandas, cari, de paseos,
o cansanzo dunha mala palabra,
e vai ti por ahí, como eu
quería cando berro.

As feridas que xa non doen
na mirada cansa para dar co corpo
doutra vez contra si.

E polo visto non chega a nada canto traio.
Repetir horarios, loitar ou acomodarse,
tanto ten camiñar ou bater na alma
alleo aquí ou alá, falando ou non.
Cala xa.

Alberte Momán

Ferrol, 1976

claustrofobia e agorafobia á vez
como dúas persoas nunha cama.

'9 Songs'. Michael Winterbottom. 2004

I.

adoro as linguas
polivalentes
e saber que dispoño de tempo
para comer

II.

ás veces
barbéome con xabron
no fondo
desfruto das peles máis antigas

III.

nine songs
un oriental con lentes grosos
de pasta
negra
teño unha canción nos beizos
o pelo cubríndome os ollos
mentres me fixo na mancha amarela
sobre os dous dedos
que suxeitan o cigarro
comprei un cepillo
dos que limpan
o inaccesible das unllas
para estas escasas ocasións
nas que dou en fumar

IV.

chove
aquí dentro
-sinalo o baixo ventre-
frégome ben
rozando o corpo coas mans núas
para lavarme doutras humidades
agárdote con impaciencia
volve
preciso o teu desexo
baixo a ducha
xogo a aprender o teu nome
declamando en alto
mentres me vou perdendo
polo sumidoiro

V.

a auga cúbreme
somos xa dous
nun mesmo leito

VI.

sinto medrar a barba
às noites
e frégome contra as superfícies
para orientar o pelo
cara o exterior
fico horas
tendido entre as túas
coxas
ligado ao medrar
da tua pube depilada

VII.

cae a auga
sobre o zénit de todas as cousas
pecho os ollos
e véxote sobre o váter
coas pernas abertas
e os cóbados sobre os xeonllos
maréome
e a plaqueta branca das paredes
vólvese contra min
abro no chan
un buraco que me absorbe
e caio
ti obsérvasme
indiferente
co rolo de papel hixiénico
entre as mans
sei que pensas no teu desexo
mentres pasas o papel
na man estendida
sobre os beizos da vaxina
agora seino
como sei que todo
ha volver ao seu lugar
cando abra os ollos
por certo...
síntoo
acabouse o xel da ducha
vístome nun momento
e saio por máis

VIII.

levo a tinta
que impregna os dedos
aos beizos
como querendo marcar as palabras
sinto
sen mirarte
caer a auga
esvarando pola nudez
que percorro
ás noites
cando dormes
para saber de ti
todo
moldeo coa auga
as miñas formas
segundo a túa figura
para que a memoria
non perturbe o teu descanso

IX.

na auga gardo
canto compartimos
coas mans no propio corpo
e nos beizos
unha palabra de protesta
na auga hai máis que o cheiro
dos nosos sexos
mitigado pola fragancia
dun xel de ducha
nela fixemos unha
revolución
lavándonos de espantos

Alfonso Láuzara Martínez

Teis-Vigo, 1971

“Te quiero salvar de tu desnudez
en pleno centro de la soledad.
Me quiero salvar haciendo revolución
desde tu cuerpo por variar.”

(...)

“Al final del viaje estamos tú y yo intactos.
Quedamos los que puedan sonreír
en medio de la muerte, en plena luz.”

Silvio Rodríguez

“No vento de mazan que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
de cabo de Home e Punta do Cabalo de Fora
reclamo a libertade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a libertade pró meu pobo.”

X.L. Méndez Ferrín

Arte natural

(A Bego, con música de Madredeus)

Non digas nada, nada
absolutamente nada,
simplementes articula movementos deseguido
suaves na harmonía da vital paisaxe
move as nubes 100% algodón de vagar
pinta con elas belas figuras varias
voa, suca o ceo cos dedos mañosos
coas precisas pinceladas da fértil arte,
maxina iconos invisíbeis vaporosos,
ofréceme esa maina ondaxe
infinda no mar e nos campos
medra en ti mesma coma espiga,
óllate fermosa e radiante no espello do vento
na intrépida imaxe do aire.

Mais non digas nada, nada,
somentes éncheme de marea
ven, achégate, posúe paseniño
molla os graos de area arrexuntados
pola formiga da vida no paso do tempo
inunda esta praia inacabada
pequecha cala que quer ser golfo
ocupa biosistema de poros, móvete ceibe avante
sulaga con savia salgada a quentura esquecida
polo sol na praia que agarda marea.

Non digas nada, nada
namórame calada.
Hei comprender nesta xorda soidade
a túa xenerosa e muda linguaxe estraña
de gratas sensacións e imaxes.

Non digas nada, nada...
simplementes escoita a cálida brisa
que descifra sensacións no lenzo da pel fina

nunha falcatruada de cabelo na faciana
pra te contar cousas mariñas
pra te dicir sen dicir nada
pra te marmurar caricias
na fonda dozura dos ouvidos
no salitre das entrañas.

Ouro negro

Chove por fóra, choro por dentro
ollos que foron azuis de ozono
ceos que agora son de cemento
grises, bágoas coma pedras
terróns de salxemas
no café deste tempo.

Homes que pasan no tempo detido
pola rúa tomada de rostros alleos,
choutan os pasos, distintos
todos quedan sen dono
no chan que recolle bágoas do ceo,
segue chovendo ácido diñeiro
pasa un felpudo pingando
que é un cadelo asustado
tamén sen ialma nin dono
e segue chovendo.

Ensimesmado deixo cae-la testa
na fonda escuridade do meu café
e vexo o arrepiante pozo negro
do Terceiro Mundo preto,
ouro negro para o G-7
(Rusia sería o oitavo pasaxeiro)
ouro negro para a canalla
unión europea e norteamericana.
Ouro negro. Maldito ouro negro.
Todos témo-lo nos beizos.

Polución no teu cemeterio

Desacougados quedan teus cravos vermellos
na cinza diluída na auga escura do meu floreira.
Pasa o tempo coma o trafego sanguíneo
de arterias aforcadas en tolemias graxentas
desasistidos miserábeis en crucifixións verdes
nos dominios de grandes corazóns enfermos,
respiracións entrecortadas i exaltadas
cando os teus ollos húmidos perden soño en destellos
e asoman asedios de pipas erectas
sobre das insinuacións marelas nas tebras
de patrias supostas no teu corpo verdemente
porque te venden, porque perdes monte
porque te quero verde mancomunada
porque te busco saudábel entre brétemas sinistras
e non sei se acaso te atopo nun punto cativo
perdido no medio da Ría que agarda
a que moitos en recuperalo perdan a vida;
mais eu sempre te desfruto enferma
e gosto de verte universal rediviva
no meu exceso volcánico de exaculación ideolóxica
porque te quero fodida antes que morta de medo
porque te rego de esperma curado de arrepío
porque cómpre saca-lo terror das tombas
nas que copulamos envelenados co tempo;
porque te alugan en nichos comunitarios
porque a cota láctea non te enche o ventre
porque te tiran en fosas miña amada rubia galega.
Pero medrarán na polución dos cadavres as serpes
coma a semente, miña amada, coma a semente.
O povo é quem mais ordena, no mar e na terra
e tamén na pube da matria nos cemeterios.
E ti, Xuntacadavres, nada sabes destes misteres
mais as tebras chamarán por ti encantadoras

cando encendamo-la utopía no ultraísta burato negro
onde amamos ó demo de pirola rabela e cornos alleos.
Os tempos son chegados, querida,
pro meu deleite no teu ventre de inferno.

Nunca se sabe

(pintura de Luís Viñas)

Non quixera coma fado sorprenderte
no intre da nostalxia da idade
porque iso non vai na sintonía
da túa fresca mocidade.

Propoño

ficar na serenidade nocturna de lus e pedra
que ofrece un bo rincón no lugar entrañábel de A Guía.
Ficar alí coma dúas figuras de pedra
nese xogo de luces e sombras
porque en lugares coma este,
o tempo pasa lentamente, e mesmo semella deterse.

Acaso teño ollos de pedra, acaso
respiro na santa compañía dunha fermosa
estatua de muller ben xeitosa.
Vexo nos teus ollos a doce mirada escura da noite estrelecida.
A noite é xoven. Quero desfrutar do momento e gosto
dese estraño sabor do silencio nos teus beizos.
Quero chimpár un bico á ría
mais un orballo de verbas vai tecendo a noite
que nos quenta.

Maxinacións? Nunca se sabe!

Eis a cuestión

Eis a cuestión, meu amor...
¿Colocou o Concello máis luces na cidade
ou pasa que eu as vexo a pares?
Luces, voces, ruídos, estrelas e cascos de cervexa.
Achégome no Casco Vello a mascar un bico de mugre
Contente na caixa nova de música e burbullas
de couldina, ron cubano e pratos combinados
alimentando caries de cine negro
famenta de empastes gratis e sen dor
enfrascada nun intercambio solidario
exquisitamente bacteriano.
Inxesta alucinóxena de cuspe ardente
vaise apurando a noite indecente
para navegar perdidos na fría madrugada
e deitarse ó fin dun canto pirata
despois dunha triste mascada.

Pasa que te vexo e non te vexo
e non sei se eras tan dura en coiro negro
ou me matas agora de terror desarmada de envoltorio.
Aínda non sei se foi para entrar ou saír da cama
cando ollei a barra dando unha volta de campá.
Esperto pola mañá en bragas negras
enforcado cunhas medias negras nos cabezais da cama.
Pasa que este 29 de febreiro comeza macabro.
Pasa que non sei se merezo vivir un Oito de Marzo.
Eis a cuestión... ¿Que me queres, amor?

A – mar – hei

Achei o manancial das verbas fermosas
que ceiba bocaladas de fume acróbata.
Hei apagar eu o botafume
cun bico de zume nos teus beizos de rosa,
beiramar, de grosso contorno areoso
mollado de cuspe o milagre da túa boca,
avance nun intre detido de escume
cando todo o míster do mar sen roupa
me chega no verde da túa mirada.
Sabes a pouco, muller moura da pel salgada.

Silencio apareses

(bomenaxe íntegra a Heriberto Bens)

Apareses s s s s s s s s s s s s s s s s s s
coma un anaco de noite que revoluciona

O SILENCIO

síntese, tese antítese síntese.

O Silencio é un artefacto abstracto
da razón que pode estoupar na dialéctica,
e ti apareses serpe

seis sete siluetas pareses
esa serie de sesións silenciosas que se sinten
sempre síntese do intre ti apareses.

Asubío do salaio son, si, si, síntese
soa todo o teu corpo no seo do silencio.

E o silencio será sempre a síntese dos seres.

Ser es son somos, silencio. Apareses.

S s

Só serás silencio na soidade social presente.

Día marrón

(pintura de Luís Viñas)

Marronea óleo oeste

Isobara mar rodea

Olo meniña olo negro

Luxación continental doenza

Olo morte Galiza borrasca

Mapamundi frío roto en pezas

Ovo frito golfo ferve

Porta escura olo fiestra

Olo terra olo mar rodea

Horizonte piche litoral occidente

Sen sol gasóleo sol oeste

Mar de ron hoxe en día marrón.

Poalla amarela (Agüita amarilla)

Pasa. Entro. Sigüemé, sigüemé. Sígote.

No teu cu de lambada leva-los meus ollos tatuados.

Ponte cómodo, reláxate. Agardo. Achégaste suave de vagar.

Silencio. Vaime cubrindo o lenzo de sombra da nube branca silenciosa que asoma espida semella unha boneca inflada virxinal pouco a pouco sobre de min, cúbreme, ocupa o espacio habitáculo total libera enerxía anatómica gasosa polo baixo súpeto na treboada visceral no intre mesmo en que descarga a quente chuvia dourada poalla marela que cae toda sobre min escot-ghüiski agasallo do ceo doméstico agüita amarilla neurótica incontrolada alivio líquido elemento asexual.

Eu estou morto de cansazo tombado na cama morto coma deberan tódolos toureiros estar enlavados no traxe de pingas de urina que brillan.

Sinto sobre de min as cóxegas da chuvia dourada constante, rítmica, en histérica gargallada. Cavilo en frío, mollado, de falso calor fugaz i engano.

E xa non teño ganas de andar paseniño coma formiga pola túa costa de seda cara o ouro que se derrama i enreda.

Fico morto arestora no xardín de flanela mentres sosteño un cortafogo mollado coa respiración do meu ventre atropelado.

Souben dun volcán de carne e oso
e fiqui apagado nun chasco xenital
coma un puto rei pasmado.

Soño nas illas marabillas

Nas augas salgadas de Cíes
emerxe o resplendor moreno
a ollada centrífuga
os cabelos longos do enredo;
a brisa fai piruetas
simplementes por engalanarte
e toda a lus do sol
quer estoupar
nos zafiros que escintilan
baixo as túas pestanas de raíña.
E velaí o ventre dourado de chocolate
do meu desexo relambido,
ventre cheo de bicos
bicos salgados e fresquiños
coma as ondas que te acariñan
nesta praia fermosa onde ti,
muller matria de encantos exclusivos,
aínda es un soño para min.

Cruz Martínez Vilas

Armenteira, 1960

Isto é unha paisaxe interior. Está dentro. É privada. Respecta a intimidade do material. Estas pezas foron escritas en silencio. O valor da representación é dicilas.

Leonard Cohen

Agora que o penso, aquel era un cuarto
iluminado pola lúa minguante
Non chega o sol para acender as lámpadas
do teito
que estoupan en sucesivas imaxes, secuencias sen sentido
na noite

“O pequeno valse vienés “ resoa nunha onírica voz
imitando a Leonard Cohen
nun perfecto inglés

Ay, ay ay ay
Take this waltz take this waltz
Nas súas notas. Polas rúas escuras do silencio
recolle verbas
os últimos versos, un poeta insomne

Espidos paxaros aniñan no faiado dos sonhos
Abren fiestras, coma quen constrúe castelos no ar
e brincan
brincan

Empurran a vida para que esperte

Na cidade dos buratos chove, chove
Nesa sucesión de cráteres urbanos
crávanse pegadas no barro
na lama

Na noite, mente sen linde
dan voltas as faces dos pesadelos

Escollo a pretérita imaxe

A escena central na que
a integración parece posible
Denantes da insurrección dos apoucados
ataviados de vítimas

Non, non quero aparecer de figurante
no acto traumático, transgresor
adaptado para o cine

Si, xa sei que é perfectamente crible
a maquillaxe logra transmitir todo o
dramatismo

Mais non sinto ningún desexo de
permanencia

no decorado onde o estilista
fai unha creación inicua
na que os elementos representan
impunemente un falso altruísmo

Voume coa miña historia a outra parte

Poida que me exprese na rúa
Alí, inmigrante na propia terra
tecerei un estandarte
para enxugar as bágoas
e saír en procesión no día dos

Cristos

Momificanse as olladas e presencian imaxes
 Imaxes que son duras liñas nos múltiples esbozos
 dun tempo labiríntico
 Talvez a man baleira abrangue un simulacro de esperanza
 que perde interese
 Ou desfigura a perspectiva cunha intención comprensible
 a de atallar un calvario que denantes foi castelo de naipes
 logo, un día o príncipe tornouse asasino en potencia
 perigoso delincuente que dorme ao carón dunha amante
 autómata
 coma reo que se entrega ao sacrificio
 dun profanador de templos
 soba nádegas irrespectuoso
 humillante
 As chuvias inundan espazos, semella un diluvio
 cuberto de tristísimos nocturnos
 compostos deliberadamente para os crepúsculos
 onde a morte espalla inmediatas sombras
 Derrubados muros amosan perfiles que falan das tebras
 en riba de seres esvaecidos nas marxes, indebidamente
 esquecidos
 A cidade vive inmersa na parsimonia
 coas preocupacións postas nos interiores alleos
 Agora recintos abertos
 Móvense os labios dende a nada, ávidos de protagonismo
 resumen biografías inéditas, seica imprescindibles
 os murmurios crean teses
 mentres unha noite, é aforcado o sorriso dunha dama
 anónima
 O cadáver non enche un escenario, é un de tantos
 Non ten importancia

Chove, é un día marrón
percíbese unha estraña melancolía
no ar
A mañá semella unha sinfonía inacabada
balada de outono
interpretada na quietude dun solpor
aparente
Pingas frías baten nas fiestras e xacen nos vidros
nunha perfecta interpretación dramática
O silencio acada temidas sombras
tépedas
e traspasa extensións grises coma nave illada
no inmenso océano
Os ocos das feridas atravesan longas avenidas
dunha cidade que se move ás présas
Os ollos formulan preguntas escuras
as repostas son estatuas mudas
nas prazas dunha evidente noite pecha
Pombas inmersas no seu holocausto
son asasinadas por un decreto, seica
necesario

Chove, é un día marrón

Se soubese, faría cos elementos precisos
un blues, adecuado aos gatos que moran
nas inmediacións do inferno

Cómpre facerlle o boca a boca a agoniante luz
Aque-la que ancorada nas somnábula imaxes
publica tristes panfletos ata convertelos en
longos best sellers
Devorados logo sen prospecto polos adictos
que viven a expensas de estrañas divaga-cións
e as palabras ensaríllanse ao pescozo coma
serpes
mesturadas no sangue como a droga máis dura
Honestamente, a vea non pode coa dose
Xiringas baleiras aparecen nos dicionarios
como sinónimos de derrota
Copropietarios de argumentos, vencellados aos
reality show
citan que a morte polo pouco, supera dez cifras
Unha negrura intensa apodérase dos momentos
Hai cadáveres deambulando ao teu carón
nas frías rúas
É de mañá, inconscientemente abres o xornal e les
cronolóxicas
É terrible

No entanto, na cidade aberta ao desánimo
tódolos reloxos advirten
que non hai tempo

Localiza como coartada

un sorriso difícil de definir
e emerxe, un caso visto para sentencia
As trampas permitidas non conceden
o indulto, entretéñense
en rotular liñas imaxinarias
que se pousan nas canles de transmisión
 dun anesthesiado cerebro
inventan posibilidades
traxectos que acaden
unha total nitidez de formas
A falsa eclosión dunha luz
dálle unha estraña capacidade visionaria
 ao anacoreta de asfalto
Atravesa fíos telefónicos e morde
as pálpebras que intúe abertas ao orgasmo
As lendas que habitan os subconscientes
 atrofian xenitais
Presuntos salvadores venden ídolos
 perfectos
con manuais de instrucións
 Iso parece interesante
Aínda así, nas rúas late a miseria e
oficialmente Deus é un desaparecido
nin aparece a súa foto nos xornais
Por tanto, só axeónllate e ora fronte a boca
 que emana liberdade
e chora coas sentidas notas dun gospel

Se cadra, tiven coñecemento da adicción do café
 dende moi cedo

Non tingas de azul a marxe da secuencia
que me selecciona
Albisca as fauces que medran nos abruptos cons
que atravesan termos inconvenientes
Houbo un tempo que a mente se domeaba
coa fragilidade dun sabugueiro
Rachaba diante da certeza dunha derrota, fendía
Agora, aprende o manexo das linguas
que gabea valados inzados de espiños
e asume as terribles escenas prendidas nas retinas
Logo saboreo a cervexa que acaricio entre os dedos
Baixo os ollos e medito na cor dunha nova saia
puntos suspensivos

Insisto, os tecidos naturais
teñen mellor caída

Esváranse ladaíñas nos recunchos dun alma feble
Cínguese o crepúsculo no peito
Feren as xeadas apertas
Das terribles ausencias

Síntese a certeza dun caos que regresa
Onda ti, na media noite
E sabes
Que as lembranzas percorren os soños
Cando dormes
E fan da morte un acto certo

Quixeras ter alzheimer
Pasear polos corredores da ignorancia

Que mágoa, non ter algunha maña
E cambiar o texto deste guión dramático
Do mesmo xeito que cambias as bragas

Que mágoa non ser personaxe
Dun filme de Almodóvar
Onde o drama é consecuencia, visión
Dunha pantalla
Mágoa

Anda, deixa que refaga as tenras lambetadas
 incontrollables
 Coa avidez da gula incrustada na pel
 Coa posesión do que esquece a individualidade
 do outro
 Coa fixación dunha lapa
 posición sándwich
 para posuírmonos
 Cunha total liberdade de egoísmos
 Anda, faite morador do habitáculo
 Lingua nas inguas
 Punto de encontro
 punto G
 Veña, búscame mediante a conxuntura
 que máis seduce e
 conduce
 á íntima estancia de comunión contigo
 Onde
 coma dúas vogais formando ditongo facemos
 malabarismos
 coa lava quente que provoca incendios
 cunha devoción case enfermiza

A percepción do teu corpo

é metricamente
perfecta

Os números dan unha aproximación
bastante exacta dos volumes

Quero que aparezas no índice deste libro
de esixencias

cuña man posta no epicentro
Xusto no centro

Espero que frecuentes a proporción inequívoca
do desexo

e informes do punto seguido
que nos concirne

saciando apetitos
trala porta pechada

Recluídos, absolutamente entregados
á paixón

recoñecendo a boca que encaixa
noutra boca

e que inicia o capítulo das escenas
+ QUENTES

Elvira Riveiro Tobío

Cerponzóns (Pontevedra), 1971

*Se o que vas dicir non é máis fermoso
que o silencio,
mellor non o digas*

(proverbio árabe)

dedicatoria

para alén do finximento da poesía
a verdade da poesía,
para trenzar as tripas cun algo de doce de
 ameixas claudias balorecido]
mais aínda poderoso
para dicirme inflacionada de belísimas letras
subida á escada do visíbel
(a que coroa o sambenito das herexes
a súa cruz vermella que tanto agravia)
abrapalabra!
abrapalabra! e faise verbo
a carne lustrada no gume da navalla
cada puta que son
cada mísero animal

para ti,
que te aconchegas aos pés de versos
 gangrenados]
onde florecen gaiolas para a morte

(...) *cada poema é uma trança ou uma tripa.*

Adília Lopes

entrelazo cabelos e tripas para fuxir do cativerio
pola xanela a miña trenza tenta convocar a
liberdade e esconxurar a dor]
esfuracar este universo minúsculo
constrúo unha escada fermosísima
un obxecto para amar de xeito feroz
dirás que a escada se vai edificando con gran
dificultade
con anacos de órganos vitais
con dispendio de horas e líquidos varios
(ningún príncipe aparece)
eu baixo pola propia trenza
pola miña tripa
é fermosa e terríbel coma un muller que sangra
polos ollos
ten flores pequeniñas e gran cantidade de
materia orgánica
apacenta a tendencia á autofaxia
mancha
dirás que digo
con Tina Suárez Rojas
que prefiro ser cabeza de gorgona
que torso de serea
que a miña tinta será un líquido tóxico
que che entra polas uñas]
que mancha
como ese xeito tan groseiro de ser dos beixos do abandono
e tes razón

prefiro trenzar as miñas serpes
ser descabezada se acaso
a sucumbir na espera coa saia ben estirada
o aceno que dá noxo de tan doce e os ollos
perdidos nalgún punto
inconcreto das cadeas que me cercan

balada do peep-show

se botas outra moeda danzareí de novo para ti
non haberá máis condena que o vidro ennegrecido
(poderás seguir matando gatos nas piscinas)
e o bamboleo da que non se sabe se dentro dun
 camión de machorras para a feira]
ou a star dunha marcha triunfante-alucinóxena

e se sorrío poderás lerne nos dentes o destino que te espera
(canto mellor será se a túa moeda é grande
e o teu amor)

pero mentres ollas e non afundo
neste asedio de lodo e de indixencia
en canto xira o meu podio fascinante
se botas outra moeda
danzarei de novo para ti

fahrenheit 451

quen ha de lerre agora que vago na foresta
suicida dos que esquecen?
quen virá matar a sede no meu peito
mostrarme que aínda existen maneiras diferentes
de vadear todo regato
que aínda existen
nalgures
páxinas abertas a calquera descuberta
que aínda é posíbel a primavera nesta inanición
de /f/ /O/ /n/ /e/ /m/ /a/ /s/



traba-lingua

lingua limacha largacia
lingua lique guerla
con gula
lingua limo lento lingam engole
lingua lagarta buliga
gabea
gurgulla
lingua lombriga
o seu gume auga gorece
legado de gozo o seu ámago longo
bífida ou lambeteira
anguía ou londra
lingua gulosa
lingua lábil
cunnilingua

A vellez e a ponte

I

A cidade abre as fauces, o seu fedor
únxenos de soidade e desapego,
lévanos da canella do odio cego
ao largo bulevar do cego amor.
Calmosa, co amencer, abre o seu prego
a súa arca de xofre, o seu rumor
de monstro nictalope adorador
da tristeza encharcada en cada rego.
Escorregan as raiolas polos lastros
enfeitados de cabichas sen memoria,
empoléiranse gaivotas nos mastros
de tellados esquecidos pola historia:
na cidade de mañá só fica o rastro
de nocturnas batallas sen vitoria.

II

Xeranios nas varandas moribundos
saúdan aos peóns apresurados
cun triste *blues* de pétalos mollados
que morre tras o orballo nun segundo.
Faíscas de luz, ruídos usados,
describen un poema tremebundo
e os versos que se somen no profundo
saúdan aos peóns apresurados.
É un cantar azul, desesperado,
que vén da noite, a sombra e o seu mundo
cun triste *blues* de pétalos mollados.
É un cantar coa beleza do inmundo
que nace nos recantos máis calados,
que morre tras o orballo nun segundo.

III

Todo barrio loce unha barricada,
unha asemblea de gatos libertarios,
un pasado contado en cartularios
esluídos nunha quenlla derrotada;
unha recua de amores carcerarios
murados na vellez, a ponte, a nada
vestida de esperanza postergada
tras o ollo hostil dos calendarios;
un quiste de CO₂ no organismo
co seu tropel doente polas rúas...
Todo barrio ten como endemismo
saudade de oferta en tendas núas
altas doses, en vea, de sadismo,
noites desvalixadas sen ganzúa.

Luís Viñas

Cutián (A Ulloa), 1957

Renuncia, poeta!
Renuncia!
Sou eu, também poeta, que to digo.
Nenhum verso se deixa encarcerar.
Prender água nas mãos é un jogo antigo,
Que aumenta a sede, em vez de a mitigar.

MIGUEL TORGA

Cando os recordos son algas mariñas
que xelatinosas te invaden
e respiras unha montaña de mapoulas mortas
un arrecendo asperxo e rugoso invade cara poro
no naufraxio que agarda
o día gris confunde como un labirinto
e o aire é un gas letal e frío
que penetra como unha subela
só o paxaro migratorio te conmove
porque soña

coa partida e co retorno

Dirán dos soños
os ventos da noite
que barren os días
de ausencias

Neste día coloco esteos de salgueiro
no abelloar do sangue
que poupa en zigzag coma unha serpe
e fende os mares de titanio

cunha fita vermella ato o corazón ígneo
que se torna un tucano doméstico e calado
e no abalar das horas veñen minutos da
distancia
a lembranza voz árbore pedra
a luz dunha mañá de inverno
cando a vida era un glosario ensarillado de
verbas
esnaquizadas de silencios e de esperas

Estás aí tan cerca
que as veces te confundo en min
na confianza sen lindes nin atallos
sei de ti cando na distancia
flotas dentro coma o arrecendo da infancia que
nos marca
es un río que vai en min
me asuca e me percorre
en fervenzas de paixón e forza
en remansos calados e calmos
este río noso transparente en nácares
que no penedo estreito rebrinca de ledicia
e salpica as roseiras salvaxes
co arrecendo do amor

Luz e maña calma
sen vento
andei por ti na distancia
e fun espello
do que fomos un día
antes da fuxida: hostes do desexo
que sempre deixa a pegada doce
e percorre as entrañas
para encher este abismo de friaxe
o alento misturase no ar
e arde en chamas azuladas
manchado de aromas tépedos
a dúbida....

tal vez non foi
non fomos

Volvín a ti
terra orfa
no infindo tempo dos paxaros
agora mancada de silencio
contemplas os loureiros eternos
que falan dos ausentes
andei o paraíso da infancia feliz
que agocha como un útero aos que foxen do
mundo
da ignonimia
e atopeite envolta en lene néboa de outono
á espera...

Nas horas longas do esquecemento
esta choiva quente e familiar
ama coa habelencia dos beizos
esta choiva miña, nosa
que convida ao suicidio
pero ama fiel, inmensa
nos espazos esquecidos
é un plasma etéreo
que incesante fecunda, fire
e funde coma un crisol
os eidos e as quimeras
que viaxan nas idades

A voz cobizosa non pode coa palabra
que é un escachamento
unha anguria un tímpano
unha brétema covarde que invade Brigantium
un claustro sereno.

Cada palabra é un beizo
un peito, unha folla seca
un agromar en azos de rebeldía
un repousar do silencio
un amencer brillante
un verde triste
un ocre
un ouro mol que se bebe lentamente en cáliz
sagrado.

Pasa o tempo e queda no ar un sopro
con suspiros risas bagoas
acochando o sangue quente
na soidade do camiño estreito.
Cando retorna: fire ama e deleita
alporizando os ríos mansos
atravesando centellantes lámpadas
penetrando en cada recanto ácido
en cada celeiro escuro
en cada cova estraña.

E vólvese fermento gromo grao
esperma milagroso
e sabia que embriaga
a lucidez dos homes

O tempo coma un fiaño
cae denso desa ionosfera púrpura
desleixase polo mastro dos días
e cando ti ousado o convocas
nese instante feliz
fuxe atomizado en pálpebras
en incandescentes voces
e volve o devalar dos días
co ar transido en cada labra vella
un viorito apertando cada minuto novo
que se murcha entre os dedos
esvarando ceibe ao chan escuro
pero aínda hai risos escondidos
nun labirinto de segundos
que aboian nas horas longas do solpor
con verbas, beizos e bágoas...

Era aquela poalleira
viscosa e doce
que nos acochaba dos invernos
e facía estalar malaquitas nos corazóns
cando os paxaros entraban polas fiestras
rompendo o silencio dos cuartos
agora a luz teimosa expándese apagando as lapas
e xa non hai berce
nin espello pendurado da contra azul
milleiros de lagartos trepan
e penetran silandeiros
no toco máis íntimo dun pranto
deixando un arrecendo de silencio
que manca as miradas e os días

Cando o tempo chega con retraso
e pasa a estación das risas
as rúas son aparcamentos
e cada maña é a mesma mañá cobriza
cando os pasos andados enchoupan os pés
nun lamugueiro de magnolias mortas
o día en poalla interminable
ábrese á luz dos teus ollos caricia lene
e ven a amiga que me habita e me sururra
nas soidades todas
sín tute entrar neste cuarto meu
de mil estancias e fiestras
e dáme a pel
a risa
o horizonte interminable do amor

Miles de palabras secas
esculpidas en febra de vidro
soan como axóuxeres mortos
ateigan as bocas vagamente
e flúen no ar
como xilófonos agudos
quero palabras coma montañas
que rachen o día
e abran no peito unha fonte
que deite lóstregos e lumieiras
cada palabra será coitelo
vento brisa océano
.....
e dirá de ti.

Manolo Pipas

Vigo, 1968

ill da guesh
son outro ti

cultura maya

camiño de volta aos eidos

a uxio novoneyra

da tua elexia é o tempo
compostela lugo e as campás do courel
camiño de volta aos eidos

en silencio acendín un lume por ti
ollando o lume lembrei os teus versos
e na compañía dos meus seguín calado
sentindo como se asaban as castañas

lume da morte e lume da vida
e as castañas sabiannos a terra
en silencio sain do silencio
e mañan recitarei versos por ti

en lugo o día da tua non despedida
poucas voces foron capaces
de facer o coro na letania

11-99

o troveiro e o cuco

a suso vaamonde

suso vaise rio abaixo
unha tarde de febreiro
regodobargo é un coro
que despide ao seu troveiro

suso vaise rio abaixo
unha vella dille ao neto
entre cantos e poemas
entre rochas e amieiros

val abaixo segue o curso
e atopase con dous merlos
e por eles vai saber
que o cuco caíu preso

val abaixo chega a ria
suso faise mariñeiro
outra vez cruzara o charco
e daquela con regreso

o mar é unha presa inmensa
esta vella dille ao neto
pero o cuco voltará
e do suso saberemos

2-00

memoria dun fuxido

a manuel gonzalez o fresco

o fresco vai pro monte
pretende resistir
o pobo baixa os ollos
calando o seu sentir

alguns cruzan a raia
e xa non voltarán
queren borrar seis anos
nen con sangue será

nos montes que el coñece
debe vivir fuxido
e vai collendo forma
un diario convencido

alguns hoxe lle axudan
mañan unha traicion
e logo serán balas
buscando un corazon

a morte presentida
vai pechar o seu libro
a lenda vai medrando
memoria dun fuxido

os ecos das palabras
a manuel maria

as augas
do regato do cepelo
serán o meu verbo

baixei o río miño
e os ecos dos poetas
enchian salvaterra
de recordos sentidos

é tempo de vendima
colectivas tarefas
tamen dan paso á festa
coas tuas cantigas

outono como tarda
non quere despedirte
teremos que decirle
que viven as palabras

nas augas do pai miño
xa baixan follas murchas
serán da chaira tua
cara o mar paseniño

9-04

mar e man

a beira do mar
nos peiraos e rochas de camelle
pintabas series de circulos
unha e outra vez
cara un lado
os circulos ian medrando
cara a outra beira
o circulo desaparecia

dixeronme que desapareceche
cando chegou o chapapote
pero sinto que non paras de medrar

redondo redondo é o circulo
rotundo rotundamente físico
o circulo fainos parte do cosmico
e do cosmico construimos o mitico
e todo todo nace do circulo do man

7-03

voluntaria

como nun maldito canto
verso a verso sen palabras
vas enchendo o teu capacho
voluntaria de mougás

cando baixan as marés
pedra a pedra sen descanso
vas raspando mil mentiras
voluntaria de figueiras

e pra rua tes que ir
paso a paso reclamando
o teu dereito a limpar
de ribeira voluntaria

cando levantas os ollos
cabo a cabo pasan barcos
con chapapote asasino
de karnota voluntaria

nesta costa que xa é vosa
dia a dia dignidade
vai vencendo ao pesadelo
de muxia voluntaria

e no traxe tes escrito
letra a letra en chapapote
con protesta e con promesa
voluntaria nunca mais

4-03

vendedora de rosas

pelicula colombiana
de victor gaviría

vendedora de rosas
vendedora de espiñas
ti navegas na noite
e naufragas no dia

vendedora de rosas
que non tes que comer
sempre esnifando cola
e non vas florecer

rosa vende rosas
que roubou á noite
rosa vende espiñas
rosa vende morte

atrapada na rede
nunha rede real
sempre soñas esperta
mais non sabes soñar

outras flores que foxen
da violencia dos vellos
vendedoras mais novas
non enganan ao tempo

rosa vende rosas
que roubou á noite
rosa vende espiñas
rosa vende morte

3-00

vera

hoxe vera está de festa
cumpre vinte vinte anos
iso pensa tan feliz
mentres abre os seus regalos

os papás danlle unhas chaves
dese carro que soñaba
e un rapaz do que non gostan
trae un libro de guevara

baixo os ollos da mamá
vinte soños cumpre a nena
bicos mimos e silencios
sen saber que non é vera

vera ia estudar arte
pero os vellos non querian
e vai pintando fantasmas
que non rompe nen ensina

nunha mansion viven lonxe
lonxe da praza de maio
hoxe xoves ela en festa
e na praza o seu pasado

hoxe xusto hai vinte anos
que vera foi adoptada
dos seus pais nada se sabe
o mar non nos conta nada
o mar os seus nomes cala

deixa casa van de farra
e no centro eles tropezan
cunha avoa cun retrato
no que está a cara dela
que descobre a nai de vera

1-00

castellera

co teu pano de pirata
e faixa de danzarina
da tua tribo a camisola
e descalza pola vida

castellera de terrassa
primeiro foche anxeneta
e mais tarde acotxada
e agora xa vas na sexta

vai carregar un castell
toda aldea nunha piña
cunha soca e unha folra
as manilles xa prarriba

tocan grallas e timbals
van els quintos i els sisens
els setés i el pom de dalt
e completado o castell

corpo e mente en equilibrio
miña amiga l'enxeneta
no curuto desta colla
agora xa fas l'aleta
a doce metros de chan
co teu pano violeta

co teu mocador pirata
no castell a escorregar
e cando chegas a piña
vouche axudar a baixar

con violeta camisola
e faixa de danzarina
castellera de terrassa
entre soño e fantasía
co teu mocador pirata
vas descalza pola vida

7-01

a festa de bous

a praça de algemesi
as duas tres catro vidas
desta praça de la ribera
del xuquer del pais valensiá

a praça o centro do pobo
entre o templo e as anonimas casas
con frios balcons vellos e novos
e alá no fondo tres macetas de vida
pero non sinto o corazon deste pobo

a praça que se enche de gradas
artesanía de encofrado de bancadas de madeira
para a festa e a outra festa
e no centro o ocre da terra
que cobre o enlosado de pedra
que agora na tarde
prepara a cor da morte

a praça deixa a dor
i ergue outro templo na noite
outros actores outra musica
moito suor e parece que non hai sangue
pero aqui perto das bancadas
tampouco sinto o corazon desta praça

pola mañan paso
por debaixo da artesanía de madeira
e con respecto entro a pisar o ocre
e das duas festas fica pouco

pecho os ollos e cheiro o medo
abroos i entre o ocre as cores dos confetti
da tarde ou da noite
que van levantando ás veces o vento

sentado nestas bancadas
baixo o veran que non se quere ir
as moscas acosanme
pero me axudan a escribir
e por fin atopo
o corazon desta praza e deste pobo
os xiquets de algemesí xogan
pero xogan á vida e á morte

algemesí 9-06

o laverinto

hai un vello laverinto
na tua comunidade
que te chama cada vez
que chora a tua saudade

cando os soños se revelan
cando perdes o teu fio
ti voltarás outra vez
a ese vello laverinto

as paredes desa estancia
vanse ocupando de libros
galeano gioconda marcos
e de imaxes que te ollan
que te ollan con cariño

eses beizos que se secan
e a melena perdeu brillo
e pasadas unhas luas
buscarás o teu camiño

a cachucha colectiva
regaloume o seu sorriso
graciñas por me invitar
a tua comunidade
ao teu chido laverinto

10-06

minus-bálido
(alfonso rodríguez)
ourense, 1973

“nada é máis lixeiro e máis feble que a auga,
mais para quitar o duro e o forte,
non hai nada que a avantaxe
e nada podería substituíla.”
lao tse (**tao te king**)

”be strong, be wrong”
(ser forte, estar equivocado)
nomeansno (**do álbum: wrong**)

estóume repartindo entremedias
cachos doces e salgados
un guiño, unha árbore, unha bágoa
contida que sae por entredentes
rompo malezas e bonanzas
e volto entrar en fragas
cheas de manchas e arrepíos
sombras sen ananás
piñeiros e carballeiras
cando non podo máis
transcorre o río
e brillan os charcos
percato das luminancias
e rompo malezas e bonanzas
miro e río
nado nel
acompañasme no transcorrer
rímos e afogamos
para nun meandro
emerxer acontecidos
oio por momentos tambores
que chegan de lonxe
de bonanzas e malezas
co pelo mollado acatarrado
tropezo cos croios
sángranme as unllas dos pés
e ti cúrasme ao compás
dun reagge incesante
colocas a barra de incenso
relaxo inmortal
afumarse e agasallarnos
biquiños na madrigueira
do meu peito furacán

emerxe un reptil
entremedias cachos doces salgados
vamos para a cama
mañá haberá máis!

e, agora, claro, falarásme
con todos os bemoles
de que hai que subir as costas
que os ríos nunca transcorren iguais
e subirás-te no escritorio ou no stand
para preguntarme se quero algo máis
e, despois, claro, innovarás
con esa crítica irreverente e despiadada
sabendo da cor das posicións e as alturas
e virán eses sermóns tan fidedignos
con todos os *bemoles* que tes (tedes)
sobre que hai que saber pescar
mentras comes mexilóns en lata
que hai que arrebatat os caudais dos soños
mentras estás esperto polo insomnio
e, máis tarde, claro, dirás que é así
que as rochas son con aristas
que a chuvia é mollada e ás veces fría
e que hai que refrescarse
e que corres máis ca min
dende que tomas frenadol con abs
logo comentarás que non che concerne
mais que ti probarías co tam-tam
que hai que deixar de comerse o coco
que é millor comerllo aos demáis
e falarás coa voz da experiencia
sobre a tenencia das cousas e a burguesía
e que gostas das utopías
ao mercalas no carrefour
sentenciarás que non me entero de nada

que espabile se non quero quedar atrás
na carreira de obstáculos para chegar a ningures
e, por ultimo, sorrirás compasivo
indulxente, simpático cara min
farás mención ao meu propio ben
e cando chegues a casa verás
aínda que che soe a tónico
que se che queimaron as fabas.

vai frío e vai calor ao mesmo tempo
vai soedade e compañía ao mesmo tempo
vai tristura e ledicia ao mesmo tempo
van craros e negras sombras
van campás no horizontes perto
van aloumiños e cicatrices
vai ritmo e desarmonía
guerra e paz orgullo e prexuízo
crime e castigo poemas e híbridos
porcos con ás chimpancés en colmenas
vai a vida enteira ao mesmo tempo
ciclotimidos do desamparo fé de ratas
civilización enferma gripes de liberdade
liberdades amuralladas
van amores desterros orballos rexeitamentos
vai necesidade e amizade a un tempo
acender e apagar prender e mollar
tormento e medievo primaveras e cancos
cabaliños do demo arrepiós e calafríos
de gustiño e arrepentimento
van dous camiñando multitudes agardando
ún só chorando ún só rindo
pesadelos e grandes soños esperanzados
culpas e pecados rotos e bordados
vai gris e cemento verde e frores emerxendo
vai neve vermella vai saraiba rosa
vai chuvia ácida doces melocotóns
vai silencio como escarmento
vai ruído e sometemento
vai alegría e corazón ardendo

van sorrisos e caen os dentes
va que si
va que non
que caia un chaparrón
ou que escampe
un vaso de sidra
brindaremos ao millor.

4

quero o dereito de autodeterminación
da miña habitación
convoquei un referendo
mais como son abstencionista
tivéronse que repetir as eleccións
nun bucle infinito
ante tal situación
fixen loita armada
contra min mesmo
e practiquei o terrorismo de estado
de igual maneira
pactei unha trégua
co alter ego
e agora estou en proceso de paz
indefinido.

intúo que o frío que verteбра o chan
alcanzará a árbore con pigmentos de cores
e a convertirá en pedra ósea gris.
xusto cando a miña pel se enrrugue
e cando se me caian as palabras ao ceo
algunha muller recitará versos ás nubes
violetas, dun anoitecer na era nunca
con ideas volátiles e piñatas baleiras
de sorrisos e aplausos que sangran.
e razóns que non convencen á pintura
dos beizos cortados dalgunha outra muller.

que teño que facer con todo isto?
non te diches de conta mália ao teu lóbulo
central.
non me chega o azúcar.
coñezo á xente máis respectuosa do mundo.
sinto chegar tarde
todas á vez as portas do meu peito están abertas
coa miña descomposición.
cabeza, un momento. dades pena. final do
conto.
hai que pensar nos feitos!
algo nos persegue. non digas capulladas tío!
ha, ha, ha, patos e homes unidos por cuak.
vostede tén reflexións e posibilidades.
cancións de frores e negros soando duduuaaaaa.
forzas malignas, crónicas, referencias e bufar
iso que costa despois de nadar con pelos
mollados
e cigarros apagados nos pulmóns de aceiro
inoxidable que se estira e que se encolle
como san francisco de asís (jesús)!
graciñas por non nuclear con vatios alí.
pipi será vencida polo seu intelecto.
subestimacións sen coidado e durmidas de
fondo
despois de cear chocolate espeso espeso espeso!

7

os tellados mugrosos
con brancas parabólicas
o ceo gris
fume preludio de novembro
de cigarro que mata
de frío de inverno
de galiza interior
de matanzas
arreo
sentimentos desérticos
emisións dixitais
co2
esponxas naturais
toser con maña
toser con forza
toser pola maña
ver fotos
analóxicas
almorzar con pseudocacao
mirar pola ventá
ver grúas inverosímis
que raian
a loucura anónima
de sol.

non necesito as inxustizas
que proclamades como duradeiras
son e serei inxusto comigo
non necesito as vosas inxustizas
para ser machacado
sírnome eu
non sexades educados
cómomo só con patacas
sen máis guarnición verde-caqui
que secostre as miñas rabias.
son egoísta
e moi inculcado
para que quero máis
das vosas indixestas inxustizas.
deixádenos sorber a sopa tranquilos
sen trousar por adiantado
que o andado será andado
e a revolución non será televisada.

9

que necesidade a de don necio
que mesquindade a de don mesquiño
hortas e liortas
concentracións e manifestacións
virulentas e parcelarias
ouro verde
que necesidade
que mesquindade
que imposibilidade
de hortas
de mínimas impresións
de mínimas expresións
de liortas
que necesidade a de don necio
que mesquindade a de don mesquiño.

sentíase ben
e acendeu a canción
de non apagar
a pantalla
que cuspía
inmidades e merda.
que ollos tiña?
que o vían todo
e non quería pechalos
que voracidade
auditiva
que sufrimento escollido
que mal fan algúns
que provocan
a enfermidade
do insensible
o pensar cos pés
ou peor.
deleites intelectuais
non rosmán
os vellos
que camiñan
sabendo o que saben
que non aristóteles
que non concubina
que non casiopea
que non pétalas de pensamento
que non rabias ao mencer
que non discusións galácticas
que non xexún que non ikastolas

nin fondos monetarios internacionais
nin xubileos nin sequera decostrucción
que non liberación de liberia
que non cancro que non primavera
que non disolventes que non sacarina
que si toma de terra
que si area e pedra
que si ruido na cabeza
que si pelos no nariz
ovos de codorniz
cocido e tabaco
café da mañá
sorriso sen dentes
patadas a latas
cuspir sen complexos
rír moi alto
merendar a merenda
remexer no lixo
ter vez no seguro
arramplar coas cartas
soñar cos cartos
que non existen nos petos
nin das ánimas e sen compañía

rosanegra (Rosa Martínez Vilas)

Armenteira, 1974

“ Entón topei tanta liberdade e seguridade na
miña loucura; a liberdade da soidade e a
seguridade de non ser nunca comprendido,
porque aqueles que nos comprenden vólvennos
escravos.”

Jalil Gibrán Jalil

A noite trae consigo o silencio
que sabe a cosmos
e ule a po de estrelas
é infindo e case mudo
pero o seu murmurio resoa
con miles de anos de pasado
a luz que atravesa o manto sagrado
debuxa un coador de pintiñas escintilantes
que dan nome ao misterio do homo...
A noite trae consigo a soidade do ser
que translocen uns ollos somnolentos
cara a unha ansiedade crecente
coma un saco negro
que agocha tras as xanelas
a triloxía dun mono
que quixo coñecer a esencia
escrita, nun universo
ateigado de interrogantes

Albisco a noite ao meu carón
Semella un neno xogando
Tirándome do pelo
Coma un fetiche máis
Na fiestra amarela
Reflicte a sombra fantasmal
Que ninguén coñece
Agás a soidade
O coche azul que está
Aparcado na miña memoria
Segue un proceso esperanzador
De loita e medos
A ave do ceo non sabe
O que adormece nas mentes
Duns bípedes monos
En evolución

A foto gastada polo tempo
Deixa entrever as manchas
 De óxido, polo ar
 E a Mona Lisa sorrí
 Cos perpetuos beizos
Que son estigma da cruz
De toda racional femia
 Só Barbie está exenta
 Da crítica social
O demais disque son parvalladas
 Déixate levar pola moda
 As marcas son alegorías
Da vaguidade e insuficiencia
 Dunha época negra
E tras a post mortem choverán azucenas
 Nun cemiterio de ideas

Cando falla a filosofía
Busco os anacos tirados,
Os cristais de cores
Nas cavernas soñados
E gardados para amalos,
E na gruta do esquecido
Cavilo sobre a molécula
Que ensancha e varía en algo
Sen nome.

Cando falla a filosofía
E penso tanto no senso
Da finalidade do universo
Das pingas de ciencia
Que crean a esperanza
E que esvaece en nada
Volta a envolverme
E a dar-me o todo
Ou algo, sen nome

Cando falla a filosofía
Decátome que o que falla
É a perspectiva.

Namentres observo imaxes de aparato
E cavilo, machucando os miolos
Para chegar ao clímax
Dunha forte inspiración visual

Poño a pucha negra de la
Aquela de tantos recordos fugaces
Unha néboa oculta todo a visión
Só un momento quizais
Dentro dos sisos sinto algo
Un peso que esmaga, esmaga
Con presión, queren saír á luz
Os meus fillos pródigos
Rebeldes e indómitos

No parque do lado
Xogan pequenos seres
Inconscientes do antonte
E pasean parellas unidas
Polo cordón umbilical
As pombas peteiran
As migallas
Coma oportunistas urbanas
E sobrevoa no ceo un avión
Das aéreo liñas perdidas
Non digo máis
Ben o sabes, que Elvis
Buscaba o seu traxe amarelo
O día que finou
Mais no parque do lado
Corren os nenos do pasado

Na rúa, hai un neno que vomita
Con esforzo, alfinetes prateados
Das súas mans saen besbellos marróns
Que crecen e devoran os corpos inertes
De aves escuras e ensanguentadas
E dos seus pés saen grandes árbores
Que secan e podrecen as sombras
Dun poder máis alto
Do seu tórax agroma o corazón
E demais órganos vitais
Cara algunha parte do mundo
Xa non é un neno
É un produto máis
Preparado para o consumo diario
Dun milleiro de voitres
Emporcados por billetes de mil.

Os factores de chamado
Do meu sangue son antagónicos
E debuxan molecularmente
A esencia, do meu eu
Biolóxico e funcional

Son atómica celular
Evolucionada nun longo proceso
Dunha cadea infinitesimal
De dobre hélice

Son un millón de moléculas
Diferenciadas e especializadas
Que viven no espazo, tecido
Entre a forma líquida
E a fracción forme
Dun ser individual, que respira
Poesía, nunha combustión enerxética
Que me dá vida

1/2 de min mesma
Voa entre a arquitectura
Matemática e química perplexa
Do 1/3 da razón xeométrica
E chego a conclusión empírica
De que a concentración
Molecular da miña masa
É = a 5M
A tolemia elemental
Da comprensión da Molaridade
Non está escrita na miña
Parte cerebral

Sinto un baldeiro
no meu interior
Case atroz
Que me fulmina en silencio
Engúleme coma un burato negro
A nada é absoluta
Emerxe dende o epicentro
E envolve todo o meu universo
Este microcosmos é demasiado pequeno
Semella que se reprega sobre si mesmo
Para crear outro big bang
E nunha milésima de segundo

ESTOUPAR

incomunidade:

Libros publicados:

1-alberto augusto miranda, **borbotom**

2-alexandre teixeira mendes, **non omnis**

confundar

3-rogerio carrola, **a beleza da tua alma faz-me
tremar**

4-jorge taxa, **heurética**

5-alexandre teixeira mendes, **até quando o
incêncio em sepharad**

A Porta Verde do Sétimo Andar: **Antoloxía**

